

ÍNDICE

1. Introducción.....	páx. 2
2. Metodoloxía.....	páx. 3
3. FAMILIAS PROFESIONAIS.....	páx. 6

(orde alfabética siglas)

- 1) Agraria **(AA)**
- 2) Administración e oficinas **(AO)**
- 3) Artesanía **(AR)**
- 4) Automoción **(AU)**
- 5) Comercio **(CC)**
- 6) Docencia e investigación **(DO)**
- 7) Servizos ás empresas **(EM)**
- 8) Edificación e obras públicas **(EO)**
- 9) Fabricación de equipos electromecánicos **(FE)**
- 10) Industrias alimentarias **(IA)**
- 11) Industrias gráficas **(IG)**
- 12) Industria pesada e construcións metálicas **(IP)**
- 13) Industrias téxtiles **(IT)**
- 14) Industrias da madeira e a cortiza **(MD)**
- 15) Minería e primeiras transformacións **(MN)**
- 16) Montaxe e instalacións **(MO)**
- 17) Mantemento e reparación **(MR)**
- 18) Producción, transformación e distribución de enerxía e auga **(PT)**
- 19) Sanidade **(SA)**
- 20) Seguros e finanzas **(SF)**
- 21) Servizos á comunidade e persoais **(SP)**
- 22) Transportes e comunicacións **(TC)**
- 23) Turismo e hostalería **(TH)**

1. Introducción

A elaboración dos indicadores de programación da formación profesional ocupacional, realizada anualmente polo Instituto Galego das Cualificacións, é susceptible de melloras e cambios que imos introducindo ano a ano en función dunha pormenorizada análise interna dos resultados obtidos, e tamén, en función de cambios extrínsecos derivados fundamentalmente de axustes nas bases de datos que nutren a información básica.

Así pois, neste ano decidimos proporcionar un **documento de traballo** síntese do groso da información, para facilitar e axilizar o traballo das mesas de programación. Esta información sintetizada recóllese nunhas *conclusiones provinciais* onde se analiza para cada provincia o resultado parcial de cada familia de formación profesional ocupacional, destacando as especialidades que arrojan mellores resultados, e as comarcas que presentan unha mellor perspectiva dende o punto de vista do mercado de traballo. Cada especialidade presenta, como orientación, un grao de prioridade o que indicaría o grao de necesidade que dende o punto de vista das variables analizadas tería a impartición de dito curso. Este grao de prioridade parte do resultado parcial de cada especialidade formativa e da familia profesional á que pertence¹.

Engádese unha orientación do perfil máis habitual do alumnado que cursa as anteditas accións formativas como resumo da información detallada no informe base deste documento de traballo.

Cómpre salientar que pode darse o caso de familias que non contén con programación nunha provincia e incluso que non poidamos recomendar especialidades nin comarcas, por non apreciarse boas perspectivas dende o punto de vista da contratación. Así mesmo, consideramos de interese a impartición das especialidades de **prioridade 1, 2 e 3**, especialidades que facemos constar en negriña indicándose tamén as de prioridade inferior cando os resultados non poidan apuntar outras situadas por riba delas. No caso de familias que contan cun bo número de especialidades a recomendar (prioridades 1, 2 e 3), optamos por incluír as máis representativas e, en caso de que se precise profundar na relación completa, remitimos ao informe base co fin de que se poida totalizar a visión das mesmas.

¹ Ver a introdución e a nota metodolóxica no informe “Prioridades da programación da formación profesional ocupacional”.

2. Metodoloxía

O informe “Prioridades de programación da formación profesional ocupacional” fundaméntase na análise de dúas variables básicas: a inserción bruta e os saldos netos.

A inserción bruta é un reflexo do resultado dos cursos programados e impartidos (período 2001-2003) xa que mide a porcentaxe de alumnos que cursan e aproban estas accións formativas e atopan un traballo no período de doce meses seguintes á finalización do mesmo (inserción bruta nos anos 2002, 2003 e 2004), independentemente de que a inserción sexa a relacionada coa especialidade cursada.

Moitas especialidades non aparecen programadas nos períodos analizados polo que foi necesario idear outro sistema para poder darlles un valor no mercado de traballo. Neste senso, decidiuse traballar coas contratacións e demandas de emprego rexistradas en ocupacións asociadas² ás distintas especialidades, considerándose que un volume de contratados superior ao número de demandas de emprego indicaría un superávit do mercado de traballo en ditas especialidades.

A combinación destas dúas variables, inserción bruta e saldos netos, proporcionan para cada familia unha listaxe de especialidades recomendadas recollidas en **tres tipos de propostas**. Por outra banda, considerouse importante considerar ditas especialidades atendendo ao resultado que presenta cada familia formativa, resultado que se recolle nos **cadros de priorización** incluídos no informe base deste traballo.

Conxugando esta idea decidiuse darlle un valor ás especialidades/familia, partindo dunha puntuación orientativa que sirva para poder priorizar os resultados. Así pois, os tres tipos de propostas aparecerían asociadas á seguinte puntuación:

- Proposta 1 (bos resultados de inserción bruta, é dicir, superior ao 60%, e saldos netos asociados positivos) = **3 puntos**

² A asociación especialidades- ocupacións vén dada por unha relación antiga na que observamos que en ocasións as especialidades aparecen asociadas a ocupacións xenéricas (por exemplo, viticultor a peón agrícola en xeral) que sesgan o resultado de dita especialidade. Por este motivo, indicamos mediante asteriscos aquelas especialidades que se ven afectadas por esta circunstancia. Cómpre salientar que o Instituto Galego das Cualificacións traballou nunca nova correlación que entrará en vigor unha vez que todos poidamos tratar a nova codificación SISPE.

- Proposta 2 (non programadas, con saldos netos positivos) = **2 puntos**
- Proposta 3 (boa inserción, é dicir, superior ao 60%, e saldo neto negativo) = **1 punto**

Estes resultados combínanse cos resultados recollidos nos cadros de prioridades³, puntuándose do seguinte xeito:

FAMILIAS PROFESIONAIS	Saldo neto (contratos- demandas) positivo	Saldo neto (contratos- demandas) negativo
Inserción media 01-03 > 60%	<u>Cuadrante 1</u> = 3 puntos	<u>Cuadrante 2</u> = 2 puntos
Inserción media 01-03 entre 40-60%	<u>Cuadrante 2</u> = 2 puntos	<u>Cuadrante 3</u> = 1 punto
Inserción media 01-03 < 40%	<u>Cuadrante 3</u> = 1 punto	<u>Cuadrante 4</u> = 0 puntos

A puntuación das especialidades recomendadas daría como resultado unha priorización das mesmas⁴:

³ Estes cadros encabezan o informe “Prioridades de programación da formación profesional ocupacional”, información base que fundamenta a análise contida neste documento de traballo.

⁴ Estas puntuacións son froito das seguintes combinacións puntuables especialidade/familias:

PRIORIDADE MÁXIMA (1)

Familia cuadrante 1 (3 puntos)+ Especialidade proposta 1 (3 puntos) = **6 puntos**

PRIORIDADE ALTA (2)

Familia cuadrante 1 (3 puntos) + Especialidade proposta 2 (2 puntos) = **5 puntos**

Familia cuadrante 2 (2 puntos) + Especialidade proposta 1 (3 puntos) = **5 puntos**

PRIORIDADE MEDIA/ALTA (3)

Familia cuadrante 1 (3 puntos) + Especialidade proposta 3 (1 punto) = **4 puntos**

Familia cuadrante 2 (2 puntos) + Especialidade proposta 2 (2 puntos) = **4 puntos**

Familia cuadrante 3 (1 punto) + Especialidade proposta 1 (3 puntos) = **4 puntos**

PRIORIDADE MEDIA/BAIXA (4)

Familia cuadrante 2 (2 puntos) + Especialidade proposta 3 (1 punto) = **3 puntos**

Familia cuadrante 3 (1 punto) + Especialidade proposta 2 (2 puntos) = **3 puntos**

Familia cuadrante 4 (0 puntos) + Especialidade proposta 1 (3 puntos) = **3 puntos**

PRIORIDADE BAIXA (5)

Familia cuadrante 3 (1 punto) + Especialidade proposta 3 (1 punto) = **2 puntos**

Familia cuadrante 4 (0 puntos) + Especialidade proposta 2 (2 puntos) = **2 puntos**

NON PRIORITARIA (6)

Familia cuadrante 4 (0 puntos) + Especialidade proposta 3 (1 punto) = **1 punto**

- ❖ Prioridade (1) **Máxima** **6 puntos**
- ❖ Prioridade (2) **Alta**..... **5 puntos**
- ❖ Prioridade (3) **Media/alta** **4 puntos**
- ❖ Prioridade (4) Media/baixa..... 3 puntos
- ❖ Prioridade (5) Baixa..... 2 puntos
- ❖ Prioridade (6) Non prioritaria 1 punto

Considerándose especialmente relevantes as especialidades recomendadas de prioridade **1, 2⁵ e 3**.

A idea é seleccionar aquelas especialidades propostas que se consideran prioritarias polos seus resultados individuais, e ademais, pola súa pertenza a unha familia que obtén bos resultados provinciais.

Hai familias non programadas nunha provincia, polo que só se inclúe a súa análise cando presentan especialidades propostas que podemos considerar de xeito individual, cando non é así, se ben aparecen no Informe de programación da formación profesional ocupacional, non realizamos a análise no documento de traballo que nos ocupa.

Como complemento decidiuse incluír un **mapa comarcal**⁶ onde aparecen salientadas aquelas comarcas que presentan saldos netos positivos, é dicir, aquelas que segundo os datos de contratos e demandas presentan boas perspectivas dende o punto de vista do mercado de traballo. Con este dato tratamos de afinar máis a nosa recomendación apuntando cara ás comarcas nas que sería máis idónea a programación das familias. Hai familias que analizadas no seu resultado global non contan con bos resultados en ningunha comarca.

Por último, inclúese un pequeno apunte referido ao **perfil máis habitual** dos que cursan accións formativas en dita familia partindo, en todo caso, dos datos recollidos no informe que serve de base a este documento de traballo.

⁵ Na proposta 2 inclúense todas as especialidades con saldo neto positivo aínda que, á hora de realizar este informe, consideramos relevante un saldo neto mínimo de polo menos 5, optando en ocasións por referir especialidades da proposta 3 antes de transcribir especialidades cun saldo neto pouco menos que residual.

⁶ Ven sendo unha representación visual e ordenada por familias do **Anexo II** que acompaña o informe “Prioridades da programación da formación profesional ocupacional”.


AGRARIA (AA)

A inserción bruta acadada **valores discretos** no período analizado, obtendo o peor resultado no último ano analizado (36,4%). Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE ⁷	PRIORIDADE
AAFR20 Viticultor (*)	4 Media/baixa
AAFR10 Fruticultor (*)	4 Media/baixa
AAGM20 Avicultor	4 Media/baixa
AAOJ50 Xardineiro	5 Baixa
AAEF10 Traballador forestal	5 Baixa
AAOJ21 Auxiliar de florista	5 Baixa

(*) Ambas as dúas especialidades están asociadas co código 94100011 **peón agrícola, en xeral**



Destaca claramente a **Mariña Oriental**, seguida de lonxe por Meira e Terra Chá. Convén recordar que non contamos cos datos dos traballadores autónomos por comarca, polo que esta análise debe de ter en conta esta circunstancia, que incide moi directamente nunha familia como a agraria.

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.

⁷ A área profesional de ornamentais e xardinería está moi presente nesta provincia pola presenza de escolas obradoiro e obradoiros de emprego que contan coa especialidade de xardinería, sen embargo, cómpre salientar que a comarca máis destacada, A Mariña Oriental non aparece dentro das relacionadas coa xardinería (ver anexo II no “Informe prioridades de programación da formación profesional ocupacional”).


Por outra banda, os traballos forestais só aparecen representados na comarca de Quiroga, comarca que non conta con bos resultados nesta familia.

ADMINISTRACIÓN E OFICINAS (AO)

A **inserción bruta acada valores discretos** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo.**

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
AOAG20 Administrativo de persoal	5 Baixa
AOXX04 Experto xestión salarios e seguros sociais	5 Baixa
AOXX01 Inglés: xestión comercial	5 Baixa
AOIC21 Secretariado de dirección	5 Baixa
AOAG40 Administrativo contable	5 Baixa
AOAG10 Empregado de oficina	5 Baixa



Non só ningunha especialidade aparece como prioritaria na súa programación, senón que, no ámbito territorial, ningunha comarca acada bos resultados parciais.


PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, muller, cun nivel académico de bacharelato

ARTESANÍA (AR)

A **inserción bruta** reflicte unha gran **irregularidade** que vai dende unha inserción practicamente inexistente no 2003 (13,6%) ata un sorprendente e positivo resultado un ano antes (70%). Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
ARVA10 Encadernador- restaurador	5 Baixa
ARTX40 Modisto/a	6 Non prioritaria



Se atendemos aos datos do mercado de traballo ningunha comarca arroxa bos resultados indicativos da necesidade de programación de cursos desta familia.


PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.

AUTOMOCIÓN (AU)

A **inserción bruta acadou resultados discretos** no período analizado, reflectíndose o mellor resultado relativo no ano 2002 (57,7%). Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
AUMN10 Mecánico de motores náuticos e compoñentes mecánicos navais	4 Media/baixa
AUCV10 Chapista pintor de vehículos	5 Baixa
AURS30 Mecánico de motores e equipos de inxección	5 Baixa
AURS50 Técnico en diagnose de vehículos	5 Baixa
AURV10 Mecánico de vehículos de dúas e tres rodas	5 Baixa



As comarcas da **Mariña Central e A Fonsagrada** son as que arrojan mellores resultados por parte do mercado de traballo, comparativamente coas outras comarcas luguesas.


PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, home, con ensinanza obrigatorio.

COMERCIO (CC)

A **inserción bruta acada valores discretos** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
CCVT20 <u>Axente comercial</u>	3 Media/alta
CCDG10 Xerente de pequeno comercio	4 Media/baixa
CCVT30 Vendedor técnico	5 Baixa
CCFC10 Caixeiro	5 Baixa



O conxunto da familia de comercio non ofrece bos resultados en ningunha das comarcas luguesas.


PERFIL TIPO: Alumno de entre 18-24 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.

DOCENCIA E INVESTIGACION (DO)

A **inserción bruta acadaba bos resultados** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **ofrece bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
DOFF20 <u>Titor da empresa</u>	2 Alta
DOFF11 <u>Metodoloxía da formación aberta e a distancia</u>	2 Alta
DOFF10 <u>Formador ocupacional</u>	2 Alta
DOFF41 <u>Metodoloxía da análise do traballo</u>	2 Alta



A comarca de **Lugo** é a que arroxa mellores resultados seguida de lonxe pola de **Terra de Lemos, A Mariña Occidental e A Mariña Oriental**. En xeral, e agás nos Ancares, é unha familia que reflicte unha boa perspectiva do mercado de traballo no conxunto da provincia. Moitos destes cursos son realizados por docentes que están no circuíto da contratación da formación profesional ocupacional, e de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.


PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con titulación universitaria.

SERVIZOS ÁS EMPRESAS (EM)

A **inserción bruta acada valores discretos** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
EMIN70 <u>Administrador servidores internet/ intranet/ extranet</u>	3 Media/alta
EMDI01 Programas de retoque dixital e escaneamento de imaxes	4 Media/baixa
EMCE20 Xestor de cobramentos e solvencia	4 Media/baixa
EMCE31 Xestión inmobiliaria	5 Baixa
EMCE21 Xestor de solvencia e financiamento empresarial	5 Baixa
EMIN20 Técnico auxiliar de sistemas microinformáticos	5 Baixa
EMIN11 Linguaxes de programación	5 Baixa
EMDI10 Técnico auxiliar en deseño gráfico	5 Baixa



Ningunha comarca ofrece bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo, se atendemos ás contratacións e demandas asociadas ao conxunto desta familia.

PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, muller, cun nivel académico de bacharelato

EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS (EO)

A **inserción bruta** acadou resultados discretos no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE ⁸	PRIORIDADE ⁹
EOAC60 Colocador de lousa	2 Alta
EOES20 Ferrallista	2 Alta
EOMQ10 Operador de maquinaria de escavación	2 Alta
EOXX02 Mantedor reparador de edificios (*)	3 Media/alta
EOTA02 Cálculo estrut. planas e especiais aceiro	3 Media/alta
EOTA01 Cálculo estrut. planas e especiais formigón	3 Media/alta
EOXX01 Confeccionador moldes para elementos de escaiola e pedra artificial	3 Media/alta
EOES30 Operario de formigóns	3 Media/alta
EOTA70 Encargado de obra de edificación	3 Media/alta
EOTA80 Encargado de obra civil	3 Media/alta

(*) Esta especialidade está asociada ao código 71100016 **albanel**.



As comarcas **Lugo e A Mariña Central** son as que arrojan mellores perspectivas por parte do mercado de traballo, seguidas polo resto da Mariña e Sarria.

PERFIL TIPO: Alumno entre 25-29 anos, home, con certificado de escolaridade.

⁸ Especialidades como albanería e cantería están moi presentes nesta provincia pola proliferación das escolas obradoiro e obradoiros de emprego, polo que non priorizamos a programación das súas áreas profesionais a pesar dos seus bos resultados. Así mesmo, tanto as comarca de Lugo como a Mariña Central contan con especialidades impartidas de electricidade- fontanería polo que tampouco aparecen referidas neste informe. Ver Anexo II no “informe de prioridades de programación....”.


⁹ Hai máis especialidades recomendables no informe “prioridades de programación”.

FABRICACIÓN DE EQUIPOS ELECTROMECAÑICOS (FE)

A **inserción bruta acada bos resultados** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
FEEL30 <u>Montador axustador de equipos electrónicos</u>	2 Alta
FECM10 <u>Caldeireiro tubeiro</u>	2 Alta
FEMI20 <u>Axustador- mecánico</u>	3 Media/alta
FEEL10 <u>Auxiliar de montaxes electrónicas</u>	4 Media/baixa



Os bos resultados concéntranse en **Lugo**, seguida de lonxe pola Mariña Occidental.

PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

INDUSTRIAS ALIMENTARIAS (IA)


A **inserción bruta acadada valores discretos**, agás no ano 2002 (77,6%). Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE ¹⁰
IAIP20 <u>Pasteleiro</u>	1 Máxima
IAOC20 <u>Almaceneiro</u>	1 Máxima
IAOC30 <u>Auxiliar de laboratorio(*)</u>	2 Alta
IAOC10 <u>Auxiliar de industrias alimentarias</u>	2 Alta
IAIL40 <u>Elaborador produtos lácteos e ovoprodutos</u>	2 Alta
IAIC10 <u>Matachín</u>	2 Alta
IABB11 <u>Elaborador de viños comúns</u>	2 Alta
IABB14 <u>Elaborador de viños espumosos(**)</u>	2 Alta
IAAD60 <u>Pescadeiro</u>	2 Alta
IAIL10 <u>Procesador da leite</u>	3 Media/alta

(*) Esta especialidade está asociada ao código 97000020 **peón da industria alimentaria, bebidas ...**

(**) Esta especialidade está asociada ao código 78040166 **adegueiro vinícola**.



As comarcas que presentan mellores perspectivas son as de **Lugo e Terra Chá**.

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.


¹⁰ Hai máis especialidades recomendables no informe “prioridades de programación”.

INDUSTRIAS GRÁFICAS (IG)

A **inserción bruta acada valores discretos** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE ¹¹	PRIORIDADE
IGPI40 Integrador de fotorreprodución	4 Media/baixa
IGIM30 Impresor offset dunha cor	4 Media/baixa



A comarca da **Mariña Oriental** aparece resaltada cun resultado mínimo¹².

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, cun nivel académico de bacharelato

¹¹ As especialidades recomendadas presentan un saldo neto mínimo que non resulta moi representativo nin indicativo dunha oportunidade por parte do mercado de traballo.


¹² Na comarca de Meira non hai contratos e demandas asociadas a esta familia.

INDUSTRIA PESADA E CONSTRUCIÓNS METÁLICAS (IP)

A **inserción bruta acaba bos resultados** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **tamén ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo.**

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
IPCM71 <u>Soldador tubos alta presión con tig e eléctrodo para homologacións en 1g, 2g, 5g e 6g</u>	1 Máxima
IPCM30 <u>Carpinteiro metálico e de pvc</u>	1 Máxima
IPCM20 <u>Tubeiro industrial</u>	2 Alta
IPCM53 <u>Construtor- soldador estrut. metálicas...</u>	2 Alta
IPCM10 <u>Caldeireiro industrial</u>	2 Alta
IPCM40 <u>Montador de estruturas metálicas</u>	2 Alta
IPCM70 <u>Soldador de tubos e recipientes</u>	2 Alta
IPCM13 <u>Calorifugador</u>	2 Alta
IPCM50 <u>Soldador estruturas metálicas lixeiras</u>	3 Media/alta
IPCM61 <u>Soldador de aceiro inoxidable</u>	3 Media/ alta



Aparecen salientadas **Lugo e A Mariña Occidental**.¹³

PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, home, con ensinanza obrigatoria.


¹³ As dúas comarcas salientadas contan con escolas obradoiro ou obradoiros de emprego que imparten algunha especialidade das integradas dentro da área profesional de construcións metálicas.

INDUSTRIAS TÉXTILES (IT)

A inserción bruta acadada **resultados discretos** nos períodos 2001 e 2002, mentres que no 2003 obtén unha inserción moi baixa (28,3%). Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
ITCI10 Patronista escalador	3 Media/alta
ITHL10 Procesador de fibras	4 Media/baixa
ITHL20 Preparador de fibras para a fiadura	4 Media/baixa



A única comarca que obtén saldo neto positivo é a **Mariña Oriental** aínda que o resultado é mínimo.


PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.

INDUSTRIAS DA MADEIRA E A CORTIZA (MD)

A inserción bruta presenta valores **pouco relevantes**. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
MDPT20 Operador de secado e tratamentos protectores da madeira	5 Baixa
MDXX01 Serrador de obradoiro	5 Baixa
MDTC30 Operador de fabricación de artigos da cortiza	5 Baixa
MDTC20 Tapoeiro	5 Baixa
MDPT51 Operador recubrimentos taboleiros derivados da madeira	5 Baixa
MDPT50 Operador fabricac. taboleiros partículas e de fibras	5 Baixa
MDFC31 Operador lixado industrias da madeira	5 Baixa



A única comarca que arroxa resultados positivos é a **Mariña Occidental**.


PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

MINERÍA E PRIMEIRAS TRANSFORMACIÓNS (MN)

Non hai datos de inserción xa que **non se programou** en ningún dos tres anos analizados. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

As especialidades formativas que arrojan mellores resultados nesta provincia son as que seguen:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE ¹⁴
MNTM30 Operador de planta de beneficio de rochas para ornamentación	



As únicas comarcas que reflicten bos resultados son os de **Quiroga e Lugo**.


¹⁴ Ao non haber datos de inserción non podemos seguir os criterios de priorización seguidos noutras familias.

MONTAXE E INSTALACIÓNS (MO)

A **inserción bruta acaba bos resultados** no período 2002-2003. Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
MOEE01 <u>Automatismo de control programable</u>	1 Máxima
MOFC12 <u>Frigorista de instalac. de refrixeración...</u>	1 Máxima
MOEE14 <u>Electronicista básico de edificios</u>	1 Máxima
MOEE10 <u>Electricista de edificios</u>	1 Máxima
MOEE11 <u>Iluminación publicitaria</u>	2 Alta
MOFC13 <u>Frigorista intalac.refrixeración aire acondicionado</u>	2 Alta
MOFC11 <u>Frigorista intalac.refrixerac. comerciais</u>	2 Alta
MOMI13 <u>Instalac. ascensores e montacargas</u>	2 Alta
MOMI10 <u>Instalac máquinas e equipos industriais</u>	2 Alta
MOEE13 <u>Instalac.enerxías renovables edificios</u>	2 Alta



Aparecen salientadas **Lugo e as tres Mariñas**, aínda que a Occidental destaca claramente por riba das outras dúas.


PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

MANTEMENTO E REPARACIÓN (MR)

A **inserción bruta** acadou **bos resultados** nos dous últimos anos analizados mellorando sensiblemente a situación inicial. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
MRFC11 <u>Mantedor reparación instalac.climatizac.</u>	3 Media/alta
MRMI10 <u>Mecánico de mantemento</u>	3 Media/alta
MREE12 <u>Mantemento e reparación máquinas e equipos eléctricos</u>	3 Media/alta
MRMI20 Electromecánico de mantemento	4 Media/baixa
MRMI24 Mantedor de sistemas electrohidráulicos	4 Media/baixa
MRMI15 Mecánico de mantemento pneumático	4 Media/baixa
MRMI14 Mecánico de mantemento hidráulico	4 Media/baixa
MRMI13 Montaxe posta a punto e lubrificación	4 Media/baixa



A única comarca que reflicte bos resultados é a **Mariña Occidental**.


PERFIL TIPO: Alumno entre 25-29 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

PRODUCCIÓN, TRANSE, E DISTRIBUC. DE ENERXÍA E AUGA (PT)

A inserción bruta é moi boa nos dous últimos analizados mellorando notablemente á porcentaxe descrita no ano 2001. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo.**

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
PTTR20 <u>Operario de subestacións eléctricas de alta tensión</u>	3 Media/alta
PTTA20 <u>Operador planta de tratamento de auga</u>	3 Media/alta
PTPR80 <u>Operador instrumentación e control de central eléctrica</u>	3 Media/alta
PTER10 <u>Instalador sistemas fotovoltaicos e eólicos</u>	4 Media/baixa



A única comarca salientable é a **Mariña Occidental** dende o punto de vista do saldo neto acadado para o conxunto da familia.

PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, home, cun nivel académico de bacharelato

SANIDADE (SA)


A inserción bruta acada **valores discretos** ao longo do período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
SACA40 <u>Auxiliar enfermaría en saúde mental e toxicomanías (*)</u>	3 Media/alta
SATR30 Técnico en radioterapia	4 Media/baixa
SACA01 Atención especializada para enfermos de alzhéimer(**)	5 Baixa

(*) Esta especialidade está asociada ao código 51110011 **auxiliar de enfermaría hospitalaria, en xeral**

(**) Esta especialidade está asociada ao código 51110033 **auxiliar de enfermaría en xeriatria**.



Aparece claramente destacada a **Terra de Lemos** seguida da Mariña Central (a Occidental e Quiroga contan cun saldo neto positivo mínimo).


PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.

SEGUROS E FINANZAS (SF)

A **inserción bruta acada valores discretos** ao longo do período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
SFFN02 <u>Financiamento de empresas</u>	3 Media/alta
SFFN10 Emprego administrativo de entidades financeiras	5 Baixa



Aó as comarcas da **Ulloa e A Fonsagrada** obteñen uns mínimos saldos netos positivos.

PERFIL TIPO: Alumno entre 25-29 anos, muller, con titulación universitaria.

SERVIZOS Á COMUNIDADE E PERSOAIS (SP)


A **inserción bruta** acada valores discretos ao longo do período analizado, reflectíndose o peor resultado no último ano (42,4%). Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
SPBF50 Monitor actividades acuáticas para persoas discapacitadas (*)	4 Media/baixa
SPAS20 Monitor de educación ambiental (**)	4 Media/baixa
SPBF40 Monitor deportivo	4 Media/baixa
SPTR20 Operación instalacións tratamento e eliminación	4 Media/baixa
SPRC40 Monitor de aeróbic	4 Media/baixa
SPRC20 Operador de centro de recreo	4 Media/baixa
SPPB40 Esteticista	5 Baixa
SPPB50 Maquillador/a	5 Baixa
SPPB10 Perruqueiro	5 Baixa

(*) Esta especialidade está asociada aos códigos 35450160 **monitor deportivo** e 52910016 **bañista-socorrista**.

(**) Esta especialidade está asociada ao código 35320023 **animador sociocultural**.



Atendendo aos resultados para o conxunto da familia ningunha comarca conta con boas perspectivas no mercado de traballo.


PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.

TRANSPORTES E COMUNICACIÓNS (TC)

A inserción bruta acada mellores resultados nos dous últimos anos analizados. Os saldos de contratos e demandas ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as seguintes recomendacións indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
TCTC41 <u>Condutor de vehículos clase D</u>	1 Máxima
TCTC40 <u>Condutor de autobús</u>	1 Máxima
TCTC31 <u>Condutor de vehículos clase C1-C</u>	1 Máxima
TCTC30 <u>Condutor de camión pesado</u>	1 Máxima
TCTC32 <u>Condutor camiións remolque clase E</u>	2 Alta
TCTC06 <u>Transporte mercadorías perigosas por estrada</u>	3 Media/alta



Agás as comarcas da Fonsagrada, Terra de Lemos e A Ulloa, o resto conta con bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo, destacando **Lugo, Sarria, Terra Chá e A Mariña Central**.

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

TURISMO E HOSTALERÍA (TH)


A **inserción bruta acaba bos resultados nos anos 2002 e 2003**. Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
THRS20 <u>Cociñeiro</u>	2 Alta
THRS40 <u>Camareiro/a de restaurante-bar</u>	2 Alta
THXX01 <u>Portugués, bar-restaurant e pisos-lencería (*)</u>	3 Media/alta
THRS60 <u>Sumiller (*)</u>	3 Media/alta
THRS50 <u>Xefe de sala/maitre (*)</u>	3 Media/alta
THRS30 <u>Xefe de cociña (**)</u>	3 Media/alta
THAN10 Animador turístico	4 Media/baixa
THID10 Técnico en información turística	4 Media/baixa
THID20 Axente de desenvolvemento turístico	4 Media/baixa
THAL30 Camareira de andares	4 Media/baixa

(*) Estas tres especialidades están asociadas ao código 50200018 **camareiro, en xeral**.

(**) Esta especialidade está asociada ao código 50100017 **cociñeiro, en xeral**.



Aparecen salientadas **Lugo, as Mariñas e Terra Chá**. As comarcas de Sarria e A Ulloa ofrecen resultados positivos pero moi alonxados dos anteriores.

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.